

Agostiño de Hipona

Texto 1

Desenvolver: O problema da razón e a fe na filosofía medieval.

Polo tanto esta vantaxe que temos sobre as bestas debemos cultivala en nós ao máximo, e volver esculpila en certo modo, e reformala. Pero, quen podería facelo, senón o artífice que a formou? **Puidemos deformar en nós a imaxe de Deus, reformala non podemos.** Temos pois, resumindo todo brevemente, a mesma existencia que os paus e as pedras, vida coma as árbores, facultade de sentir coma as bestas e facultade de entender coma os anxos. E así distinguimos cos ollos as cores, cos oídos os sons, co nariz os cheiros, co gusto os sabores, co tacto as calores, co intelecto as maneiras de obrar. Todo home quere entender; ninguén hai que non o queira; non todos queren crer. Dime un home: “Entenda eu para que poida crer”. Respóndolle: **“Cre para que poidas entender”**. E xa que naceu entre nós unha controversia tal, por así dicilo, cando me dixo un “Entenda eu para que poida crer”, e eu respondílle: “mellor cre para que poidas entender”, vaíamos con esta controversia onda o xuíz e ningún dos dous presuma que a sentenza caerá da súa parte. A que xuíz iremos? Se examinamos a tódolos homes, non sei a que outro xuíz podemos atopar mellor que **ao home polo cal Deus fala**. Non vaíamos, pois, neste asunto e controversia, aos autores profanos, non sexa o noso xuíz un poeta, senón un profeta.

AGOSTIÑO DE HIPONA; Sermón 43.

Contexto:

- xurdimento da relixión cristiá e a súa evolución no Imperio Romano, a lo menos ate a época de Santo Agostiño ¿que ocorre nesa época?
- Problemas de comprensión do cristianismo por parte da mentalidade da época e o enfrontamento coa filosofía greco-romana (fundamentalmente escolas helenísticas) e a relixión xudía.

Tema:

- Os catro momentos do desenvolvemento de problema e situar a santo Agostiño no seu.
- As verdadeiras verdades e a súa procedencia no home.
- Explicación da súa postura (con referencias ao texto): As Escrituras serán o xuíz nas nosas discusións, a razón servirá á fe e esta será o faro da razón.
- Iluminación.
- Deus escondido no home.

Relacións:

- Coa filosofía greco romana (xa exposta no contexto).
- neoplatonismo.
- Outros autores que trataron a mesma problemática.